

LE PARC

[Damien Manivel, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 30.10.2017 | V.O.S.E.

Le parc (2016, 72’)
Dirección: Damien Manivel
Guión: Damien Manivel, Isabel Pagliai
Elenco: Naomie Vogt-Roby, Maxime Bacherrie, Sobéré Sessouma
Son: Simon Apostolou, Arnaud Marten, Jérôme Petit
Montaxe: William Laboury
Fotografía: Isabel Pagliai
Música: Julie Roué
Produtoras: MLD Films (Francia)
Distribuidora: Shellac Sud
Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1
Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

La nuit où j’ai nagé, 2017
Insomnie, 2017 [curtametraxe]
Un jeune poète, 2014
Un dimanche matin, 2012 [curtametraxe]
La dame au chien, 2010 [curtametraxe]
Sois sage, ô ma douleur, 2008 [curtametraxe]
Viril, 2007 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Novos Cinemas (Mellor filme), Cannes 2016 (ACID), Entrevues Belfort 2016 (Gran Premio Janine Bazin á Mellor Película), Festival Internacional de Cine de Jeonju 2017 (Premio Woosuk), Moscova 2016 (Fóra de competición), Raindance Film Festival London 2016 (Sección oficial), Viennale 2016, Alexandria 2016, Gent 2016, Ciné-Rencontres Prades 2016

301

SINOPSE

É verán, dous adolescentes teñen a súa primeira cita nun parque. Inicialmente están indecisos e amósanse tímidos. Pasean, parolan e pouco a pouco namóranse. Pero chega a noite e a hora de separarse...

«Armado dun abraiante sentido do encadre, Damien Manivel achega unha ollada intensa que funciona como un láser sobre a banalidade, revelando os dramas, os soños e as fantasías que contén»

Nicolas Marcadé, LES FICHES DU CINEMA

OS OLLOS VERDES

● CINEMA INÉDITO DE NUMAX

MELLOR FILME 2017

NOVOS CINE—MAS.

Festival Internacional de Cinema de Pontevedra.

LE PARC

[Damien Manivel, 2016]



Nota de intención do director

Os parques están cheos de historias ordinarias. Gústame pasar longo tempo neles e observar. Cando miro durante un bo anaco estas paisaxes, do banal agroma o estraño. Como se tras o céspede solleiro e os xogos se agochase algo sombrío e intanxíbel.

Esta impresión guiou a escritura do filme. Partín, daquela, dunha desas historias ordinarias, que podemos atopar nun parque calquera verán: unha parella de adolescentes sentada nun banco,

incómodos na súa primeira cita amorosa.

Quíxenme situar no punto de vista da moza para contar o que sucede durante un día e unha noite, a historia do seu amor, desde a primeira mirada até a separación.

Unha vez alí, facíaseme necesario continuar tras o choque da perda, a parálise. A noite inmensa que recobre o parque, a moza que avanza ás escuras e atravesa a proba da pena. A historia ordinaria ficou xa lonxe.

Publicado en www.shellac-altern.org/



“A incerteza e a dúbida son parte esencial do meu traballo”

Entrevista con Damien Manivel

Por Raphaëlle Pireyre

Con ocasión do teu anterior filme, *Un jeune poète* (2014), falabas da túa intención de reducir a equipa técnica

o máis posíbel, a non máis de catro persoas. Mudou esta lixeireza con *Le parc*? Para *Le parc* estabamos mellor preparados que no filme anterior, mais ao igual ca en *Un jeune poète* o núcleo duro da equipa artística xirou arredor de Isabel Pagliai, co-guionista e responsábel da imaxe, e Jérôme Petit ao son. Tamén nos axudaron moito dous estudantes en prácticas do Máster de realización de Poitiers e unha realizadora. Creei a miña sociedade de produción para *Un jeune poète* e foi tamén a responsábel de *Le parc*. Gústame facer filmes sen empregar dous ou tres anos na súa escrita. Son filmes que responden a unha atmosfera, a presenza dos actores, o ritmo...

Esta forma de produción revela sobre todo un principio de realidade? Si, podémolo dicir así. O caso é que eu non podo someter os meus desexos creativos á opinión dos tribunais das axudas públicas. Sería moi feliz se me axudasen porque temos poucos medios pero visto que as subvencións centran a súa atención no guión e que eu prescindo del, hai como unha fenda... ben, en calquera caso tento ser optimista. Por tanto, *Le parc* está producida por MLD Films, a sociedade que montei. Non estou nunha situación moi confortábel mais teño que dicir que pasaron só nove meses

LE PARC

[Damien Manivel, 2016]

SOBRE O DIRECTOR

Logo dunha primeira experiencia profesional na danza, DAMIEN MANIVEL (Brest, 1981) estuda cinema no centro nacional de artes contemporáneas de Fresnoy. Asina varias curtametraxes como *Viril* (2007), *Soit sage ô ma douleur* (2008), *La dame au chien* (2010), galardoada co Premio Jean Vigo, ou *Un dimanche matin*, que recibe o Premio da Semana da Crítica de Cannes en 2012. *Un jeune poète*, a súa primeira longametraxe, acada a Mención Especial do Xurado no Festival de Locarno 2014. *Le Parc*, a súa segunda longametraxe, tivo a súa estrea no Festival de Cannes, á que seguiu unha existoso pase por festivais como Belfort, Jeonju ou o Novos Cinemas de Pontevedra, onde recibe o Premio a Mellor Filme neste 2017.



desde que naceu a idea e o filme se proxectou en Cannes, así que estou moi orgulloso do noso traballo.

Este sistema de produción permítevos escribir pouco e deixar boa parte do proxecto ao azar, na rodaxe. Efectivamente, antes da rodaxe procuro sobre todo protexer a intuición que fixo nacer o proxecto e logo ocúpome de cousas concretas como a preparación, o cásting, as localizacións. Non pecho nada neste tempos de maduración, ou cando menos non un guión no sentido clásico do termo. Non é até poucos días antes da rodaxe que comezo a traballar coa miña co-guionista, Isabel Pagliai. Gravamos cada día o que escribimos o día anterior.

Iso significa que os actores, que non son profesionais, aceptan involucrarse no proxecto sen ter entre mans ningún guión. É así. É imprescindible que confien en min. Son o máis transparente posíbel con eles. Explicolles que o meu método de traballo é moi particular, que a incerteza e a dúbida son parte esencial de cada xornada de traballo, que avanzamos co material que imos atopando. Nos primeiros encontros transmítolles todo o que sei nun inicio: unha historia de amor entre dous adolescentes e un terceiro personaxe que é o garda do parque. Ninguén me pediu máis. Mais pode que sexa porque me ven tan agobiado na rodaxe que non me queren incomodar.

Para este filme buscaba un trío, era fundamental que a relación funcionase entre estes tres personaxes. Cando Naomie e Maxime se encontraron por vez primeira houbo moita timidez entre eles. Non quixen que se visen máis até a rodaxe para evitar que ese sentimento

se perdese. Logo foi Isabel Pagliai quen se atopou con Sessouma, que é profesor de filosofía en Poitiers, desde que o vin chegar de lonxe a primeira vez souben que a súa presenza no filme era unha necesidade evidente.

Nunha entrevista definiuse como un artificeiro que leva a cabo o plan que máis se axeita a cada proxecto. Iso interésame, non controlalo todo, poder sorprendeme polo que suceda. No primeiro plano do filme, por exemplo, poño a cámara e espero o que Naomie e Maxime fan da súa primeira cita amorosa. A continuación, sírvome dun xesto, unha mirada, traballo a escena en directo, engado ou quito elementos e se teño a sorte de que un golpe de vento ou un cambio de luz entran en escena tómoos como un encontro. Decátome de que hai algo de paradoxal no meu xeito de traballar, tento evitar na medida do posíbel o control, mais fago filmes moi ordenados e precisos. Na montaxe é onde se conforma a estrutura en base ao que fomos escribindo. Por suposto hai material que fica fóra, pero moitas menos horas ca nunha rodaxe clásica.

Que nos pode dicir do plano longo no que filma o solpor sobre o rostro da moza. As horas que pasan sobre o parque, o ceo que cambia, a noite que cae... velaí a estrutura narrativa. Para este plano secuencia, que dura dez minutos, fixemos unha soa toma. Naomie Vogt-Roby estivo incríbel.

Este plano que aparece na metade do filme deixa tempo ao espectador a se preguntar cara a onde vai xirar a historia na segunda parte. A viraxe cara ao fantástico que chega logo produce unha auténtica sorpresa. Para min o fantástico está



xa presente na primeira metade do filme, mais sen declararse. Hai un estrañamento que crea un mundo un pouco onírico.

A súa maneira de montar fainos pensar na autonomía dun Luc Moullet. Onde se sitúa na paisaxe da cinematografía francesa? Creo no cinema independente e por suposto inspirome en directores e directoras que procuraron o seu propio xeito de gravar e producir os seus filmes. Pasei varios anos preguntándome se facer cinema dentro ou fóra do sistema e os meus dous últimos filmes son unha resposta a esas cuestións. Nestes momentos atópome na fronteira, un lugar que me senta ben.

Publicado en www.critikat.com/

“Aquilo que se agocha baixo unha superficie demasiado lisa”

Por Raphaëlle Pireyre

En *Un jeune poète* a torpeza do seu personaxe, imbuído polo real, achegaba á visita turística a Sète unha doce estrañeza. O actor Rémi Taffanel experimentaba encontros amistosos e amorosos a medida que avanzaba pola vila mariñeira, na busca tamén da inspiración poética. En *Le parc*, na claridade dun serán estival, Naomie cítase no parque para unha primeira cita amorosa. A balada comeza como unha danza de sedución composta


por xestos pouco seguros. Con este punto de partida banal e a fidelidade á unidade de tempo, lugar e acción, Damien Manivel mantense fiel ao seu cinema do cotián, reducindo ao mínimo imprescindible os elementos e observando a situación até os mínimos detalles. Terreo de xogo cinematográfico, o parque ofrece unha infinidade de posibilidades de encadre, distancia entre os dous corpos dedicados aos ritual da sedución. Outras siluetas que se cruzan, afirman con discreción a posibilidade doutras ficcións fóra de campo. Neste decorado natural, que ofrece unha infinidade de encadres posíbeis, Damien Manivel emprega o paso do tempo para esgotar os efectos de distancia e proximidade entre os corpos, até o punto de demorar o plano no que o día se fai noite sobre o rostro da moza.

O filme podería rematar aquí, e non estaría nada mal. Mais detrás deste desexo tímido agóchanse intencións inconfesábeis. É pouco habitual que un filme se atreva a parar en marcha o camiño anunciado até o momento, para raptar o espectador e conducilo a un camiño roubado do que non diremos máis para preservar a sorpresa que o filme depara. Como en *Un jeune poète*, percorrer o espazo físico conleva unha viaxe interior. Para Naomie, a balada anódina devén viaxe iniciática, unha traxectoria á inversa que é tamén inmersión e exploración daquilo que se agocha baixo unha superficie demasiado lisa. A sensación dunha distancia física e sentimental que buscaba reaxustarse sen cesar na situación inicial, ábrese ao abismo que mergulla este falso aire de realismo no seu reverso sombrío e profundo.

Publicado en www.critikat.com/
Traducións: Xan Gómez Viñas

OS OLLOS VERDES

● CINEMA INÉDITO DE NUMAX



«Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX» presenta cada mes e en exclusiva filmes cun destacado percorrido en festivais internacionais que nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España.

Ademais, **se estudas na USC**, podes obter **1 crédito ECTS** pola asistencia ás sesións! As persoas inscritas na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en www.numax.org, org ou en comunicacion@numax.org.



Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org